



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito do traballo e da seguridade social

Materia	Dereito do traballo e da seguridade social			
Código	O03G080V01601			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández Prieto, Marta			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta			
Correo-e	mfprieto@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Estudio das principais institucións do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, dende unha perspectiva fundamentalmente xurídica e orientada por tanto á formación que nesta materia debe adquirirse no Grao en Dereito.			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de síntese e análise
B2	Capacidade de aprender
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de adaptarse a novas situacións
B5	Capacidade para organizar e planificar
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B10	Preocupación pola calidade
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)
C1	Coñecer as principais institucións xurídicas
C2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
C3	Comprender o carácter unitario do ordenamento xurídico
C4	Coñecer os principios e valores constitucionais
C8	Ser quen de argumentar xuridicamente
C9	Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
C10	Ser quen de aprehender sistematicamente o ordenamento xurídico
C11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
C13	Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico
C14	Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos
C15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
C18	Ser quen de negociar e mediar

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

B1 C1
 B2 C2
 B3 C3
 B4 C4
 B5 C8
 B6 C9
 B7 C10
 B8 C11
 B9 C12
 B10 C13
 B11 C14
 B12 C15
 C18

Contidos

Tema	
PARTE I. INTRODUCCIÓN E FONTES	Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo [por conta allea] e a dependencia. O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo economicamente dependente. Exclusiones legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades. Funcionarios públicos e demais persoal estatutario. Prestacións persoais obrigatorias. Transportistas. Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penitenciarias. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferencias cos axentes mercantís. Traballadores disminuídos en centros especiais. Estibadores portuarios. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares.
Tema 1. Concepto e ámbito aplicativo da disciplina	
Tema 2. Fontes do Dereito do Traballo	Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2009 (Roma I). O art. 1.4 ET. Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión. Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e recomendacións da OIT.- Normativa da Unión Europea. Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respeto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa, irrenunciabilidade de dereitos, pro operario.- O Dereito común.
PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO	Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidade do traballador. A idade.- Etranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información do traballador.- Período de proba.
Tema 3. O contrato de traballo	
Tema 4. Intermediación, fomento do emprego e relacións triangulares de traballo Intermediación	Servicios públicos de emprego e axencias de colocación. Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións. Relacións triangulares de traballo. A descentralización productiva. Concepto e tipoloxía.- Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo. Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa. Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.
Tema 5. Modalidades de contrato de traballo	Contratos indefinidos. Fixo discontinuo. Contratos indefinidos con incentivos. - Contratos formativos. Contrato para a formación e a aprendizaxe. Contrato en prácticas. - Contratos temporais estruturais. Obra ou servizo determinado. Eventual. Interinidade. Modalidades. - Contratos temporais de fomento do emprego. Discapacitados. De relevo. Regras xerais aplicables a todos os contratos temporais. Contrato a tempo parcial. Concepto. Forma. Voluntariedade. Tránsito á xornada completa e viceversa. Horas complementarias.

Tema 6. Obrigas do traballador	Prestación do traballo.-Dilixencia e rendemento normal.-Obediencia e desobediencia lexitima.-A non concurrencia. Pactos de exclusividade e de permanencia.-Invencións [de servizo] e dereitos de explotación da propiedade intelectual.
Tema 7. A retribución	Concepto. Clases de salarios. Non discriminación por razón de xénero. Presunción de salario.- Percepcións non salariais.- Estructura salarial. Salario base e complementos salariais.- Salario mínimo interprofesional.- Absorción e compensación.- Gratificacións extraordinarias.- Pagamento do salario. Mora e anticipos. Documentación.- Aseguramento do pagamento. O Fondo de Garantía Salarial. Os créditos salariais preferenciais. En caso de concurso. Protección procesal común do salario. Inembargabilidade.
Tema 8. A prevención de riscos laborais e outros deberes do empresario	A prevención de riscos laborais. A LPRL e a súa normativa de desenvolvemento.- Dereitos e obrigas.- Servizos de prevención.- Consulta e participación dos traballadores.- Responsabilidades. Outros deberes do empresario Respeto á dignidade do traballador e igualdade de tratamento.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de xénero. Discriminacións directas e indirectas.- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais.
Tema 9. Tempo de traballo	Regulación da xornada de traballo ordinaria. Xornada máxima.- Tempos de traballo e tempos de descanso.- Xornadas especiais. Horas extraordinarias. Distribución do tempo de traballo e do descanso. O calendario laboral.- O horario.- Traballo nocturno e a quendas.- Descansos semanais e festivos.- Vacacións anuais.- Permisos e outras ausencias do traballo.- Xornada e conciliación da vida familiar e laboral.
Tema 10. O poder de dirección do empresario e o ius variandi	O poder de dirección do empresario. Concepto. A clasificación profesional. O grupo profesional.- O encadramento e a polivalencia funcional. Mobilidade funcional. Horizontal e vertical. Límites Mobilidade xeográfica. Traslados. Desprazamentos. Referencia aos desprazamentos transnacionais. Modificación sustancial das condicións de traballo.
Tema 11. Suspensión do contrato	Concepto e efectos xerais. Reserva de posto e suspensión do salario.- Causas de suspensión: Mutuo acordo e causas válidamente consignadas no contrato. Incapacidade temporal e incapacidade permanente. Maternidade, adopción e acollemento. Paternidade. Risco durante o embarazo e lactación materna. Víctima de violencia de xénero. Privación de liberdade e prestacións persoais obrigatorias. Cargo público representativo e excedencia forzosa. Funcións sindicais.- Suspensións colectivas. Forza maior temporal e causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Folga e lockout. Suspensión disciplinaria. Excedencia para coidado de fillos e para coidado de familiares. Excedencia voluntaria.
Tema 12. A extinción do contrato	Introducción. Concepto. Causas. O recibo de finiquito. Por cumprimento e por vontade das partes. Por causas válidamente pactadas.- Expiración do termo.- Por mutuo acordo. Por desaparición ou incapacidade dunha das partes. Por causas atinentes ao empresario.- Por causas atinentes ao traballador Por vontade unilateral do traballador. Dimisión e abandono.- Resolución causal por decisión do traballador Por vontade unilateral do empresario. O concepto de despedimento.- Tipoloxía.
Tema 13. O despedimento	O despedimento disciplinario e a potestade disciplinaria. Causas xustas (estatutarias e extraestatutarias).- Forma. Carta de despedimento, audiencia a delegados sindicais e expediente contradictorio. Outras.- Calificación e efectos. Procedente, improcedente e nulo.- O caso do despedimento tácito.- Outras sancións. Legalidade e tipicidade. Límites legais. Formalidades. Prescripción das infraccións. O despedimento por causas obxectivas. Concepto e causas.- Requisitos e forma.- Calificación e efectos. O despedimento colectivo. Concepto e causas.- O procedemento de regulación de emprego. Calificación e efectos

PARTE III. DEREITO COLECTIVO DO TRABALLO	A liberdade sindical. Concepto.- Ámbito subxectivo.- As asociacións empresariais como suxeitos excluídos.- Contido esencial e adicional.- Tutela da liberdade sindical.
Tema 14. Liberdade sindical e dereito de asociación empresarial	Sindicatos e organizacións empresariais. Réxime xurídico Representatividade sindical e acción sindical. A maior representatividade e a suficiente representatividade.- A representatividade empresarial.
Tema 15. Participación dos traballadores na empresa	Representación estatutaria. Delegados de persoal e comités de empresa.- Comité conxunto e comité intercentros.- Comités de empresa europeos.- Competencias dos representantes. Garantías e prerrogativas. Representación sindical. Seccións sindicais e delegados sindicais. Asamblea de traballadores.
Tema 16. A negociación colectiva	Suxeitos negociadores e ámbitos persoal, funcional, territorial e temporal. A lexitimación para negociar e as unidades de negociación.- A concurrencia de convenios.- Duración e sucesión de convenios.- A negociación colectiva extraestatutaria.- Os acordos de empresa. O proceso de negociación dos convenios. Solicitude de negociación e constitución da comisión negociadora.- Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios.- Control da ilegalidade ou lesividade. Adhesión e extensión. O contido dos convenios e a súa administración. Contido mínimo.- Contido normativo e obrigacional.- Interpretación e aplicación do convenio.
Tema 17. Conflictos colectivos e procedementos de solución	Medidas de conflito colectivo. O dereito de folga. Fontes reguladoras. Titularidade e límites: folgas ilegais e folgas ilícitas ou abusivas. Procedemento de desenvolvemento. Efectos. Folgas en servizos esenciais.- O peche patronal. Procedementos de solución de conflitos colectivos. Especial referencia aos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje e ao procedemento de conflito colectivo.
PARTE IV. DEREITO DA SEGURIDADE SOCIAL	Estructura do sistema de Seguridade Social. O modelo constitucional de Seguridade Social.- Nivel profesional ou contributivo.- Nivel asistencial ou non contributivo.- Réxime Xeral e Reximes Especiais da Seguridade Social. Xestión da Seguridade Social. Entidades xestoras e servizos comúns.- Entidades colaboradoras.
Tema 18. O Sistema de Seguridade Social	Actos de encuadramento. Inscripción, afiliación, altas e baixas. Financiación do Sistema de Seguridade Social. En particular, no Réxime Xeral. A obriga de cotización. Bases, tipos e cuotas
Tema 19. A acción protectora no Réxime Xeral da Seguridade Social	Riscos profesionais e riscos comúns. Accidente de traballo, enfermidade profesional, enfermidade común e accidente non laboral. Referencia ao risco durante o embarazo, á lactancia natural e ao coidado de menores con cancro ou enfermidade grave. Tipoloxía e extensión da acción protectora. Definición, requisitos de acceso e cantía: Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Maternidade, paternidade e risco durante o embarazo e a lactancia. Incapacidade permanente. Xubilación. Morte e supervivencia. Protección á familia. Desemprego.
Tema 20. A Administración de Traballo e a Xurisdicción Social	Remisión.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	52.3	0	52.3
Estudo de casos/análises de situacións	24	24	48
Probos de tipo test	1	45	46
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	53.2	54.7
Outras	0	24	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecerlo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Se atenderán as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Se atenderán as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas de elección múltiple. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. As probas de tipo test inclúen preguntas de carácter práctico para avaliar as competencias adquiridas en estudos de casos/análise de situacións e, no seu caso, en titorías en grupo. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	40	B2 B3 B8	C1 C2 C3 C4 C10 C12 C13
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre diferentes temas. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	40	B1 B2 B3 B7 B8	C1 C2 C3 C4 C10 C12 C13
Outras	Resolución e entrega en prazo dos estudos de casos/análise de situacións que posteriormente serán obxecto de resolución na aula. Avalíanse aleatoriamente dúas das prácticas esixidas. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	20	B1 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B12	C8 C9 C11 C12 C13 C14 C15 C18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos/as poden optar entre dous sistemas de avaliación:

1. Sistema de avaliación continua
2. Sistema de avaliación final

(I) SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA. Para acollerse ao sistema de avaliación continua e aprobar a materia mediante este sistema, o alumno/a deberá cumprir os dous requisitos seguintes:

1. Acreditar asistencia a un 80% das clases [maxistras e grupos medianos-, sen que, salvo casos excepcionais]-ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, permítase xustificar a ausencia.
2. Obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media que resulte do tres tipos de probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre, debendo obter unha cualificación non inferior a 4 en cada unha das probas para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua. Se o alumno obtén menos dun 4 na avaliación de maio-xuño nalgunha do tres probas, poderá continuar na avaliación continua na avaliación de xuño-xullo, pero neste caso a cualificación que figurará nas actas de maio será a de suspenso (máximo 4.9).

I. AVALIACIÓN maio-xuño:

A nota final será o resultado da suma das cualificacións conseguidas nas seguintes probas obrigatorias:

1. Proba tipo test (40% da nota final). Previsiblemente no mes de marzo, os alumnos/as realizarán unha proba tipo test de preguntas pechadas de elección múltiple (sinalando unha resposta entre un número limitado de posibilidades). A citada proba tipo test inclúe preguntas de carácter teórico (contidos propios das clases maxistras) e de carácter práctico (contidos propios de grupos medianos) dos temas 1 a 9-10 da guía docente.
2. Probas en grupos medianos (20% da nota final). No marco dos grupos medianos, formularanse distintas tarefas que

deberán ser entregadas segundo os prazos previstos no cronograma previamente facilitado. Procederáse á corrección das devanditas tarefas na aula. Con todo, a efectos de cualificación, seleccionaranse dúas tarefas -idénticas para todos- entre todas as formuladas.

3. Proba de respostas de desenvolvemento (40% da nota final). Na data oficialmente sinalada para a avaliación da materia en maio-xuño, os alumnos/as realizarán unha proba de respostas de desenvolvemento dos temas 10-11 a 19 da guía docente.

Ao ser as probas obrigatorias a desenvolver liberatorias para as avaliacións de maio-xuño e xuño-xullo e esixirse ao alumno/a polo menos un 4 en cada parte para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua, se o alumno obtivo menos dun 4 na proba tipo test ou nas probas en grupos medianos, permitiráselle ao alumno optar por continuar no sistema de avaliación continua e presentarse en maio-xuño, ademais da a proba de respostas de desenvolvemento, á proba correspondente á parte que teña suspensa. Nesta avaliación, o exame constará de dous partes [unha teórica, de respostas longas de desenvolvemento e outra práctica, cun estudo de casos-. Non haberá proba tipo test, polo que, se a proba suspensa é a proba tipo test, deberá examinarse do contido dos temas 1 a 9-10 mediante unha proba de respostas de desenvolvemento. Se a proba suspensa é a correspondente aos grupos medianos, deberá realizar a parte do exame correspondente ao estudo de casos/análises de situacións.

Se o alumno na avaliación de maio-xuño ten algunha das probas suspensa cunha cualificación inferior a catro, a cualificación que figurará nas actas de maio será a de suspenso (máximo 4.9), aínda que a cualificación media que obteña sexa superior a 5. Neste caso, na convocatoria de xuño/xullo unicamente deberá examinarse da proba ou probas que non superase na avaliación de maio.

Se o alumno/a non se presenta a algunha das partes en maio-xuño, a cualificación que figurará nas actas de maio será a de non presentado/a.

II. AVALIACIÓN xuño-xullo:

Se o alumno/a obtívese unha cualificación superior a 5 nalgunha das probas obrigatorias desenvolvidas durante o cuadrimestre (tipo test, grupos medianos ou respostas de desenvolvemento) pero non conseguise aprobar a materia na avaliación de maio-xuño por non obter unha cualificación media superior a 5 ou por suspender algunha das probas cunha cualificación inferior a 4, poderá conservar na avaliación de xuño-xullo a cualificación das probas aprobadas e examinarse unicamente da parte suspensa.

Na avaliación de xuño-xullo, que terá lugar na data oficialmente sinalada, o exame constará de dous partes -[unha teórica, de respostas longas de desenvolvemento e outra práctica, cun estudo de casos-. O estudante sometido a avaliación continua quedará exento das preguntas de desenvolvemento que se correspondan coa parte do temario da guía docente que teña aprobado e/ou, no seu caso, do estudo de casos. Aínda que a parte suspensa sexa a correspondente á proba tipo test, na avaliación de xuño-xullo o exame será de preguntas con respostas de desenvolvemento.

A nota obtida na avaliación continua non se conservará para convocatorias de cursos académicos posteriores. O alumno/a deberá someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

(II) SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL. O alumno/a que non cumpra os requisitos para acollerse ao sistema de avaliación continua ou que opte por non facelo, terá dereito a ser avaliado mediante exame final que representa o 100% da cualificación na materia.

O citado exame final constará de dúas probas:

1. Proba de respostas longas de desenvolvemento (80% da nota final)
2. Estudo de casos/análises de situacións (20% da nota final)

Na convocatoria de fin de carreira, o alumno deberá acollerse necesariamente ao sistema de avaliación final.

O exame final terá lugar, nas convocatorias de fin de carreira e nas avaliacións de maio-xuño e xuño-xullo, nas datas aprobadas en Xunta de Facultade e oficialmente publicadas.

Bibliografía. Fontes de información

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, M^a E., **Derecho del Trabajo**, última edición,

MARTÍN VALVERDE, A., RODRÍGUEZ-SAÑUDO GUTIÉRREZ, F. y GARCÍA MURCIA, J., **Derecho del Trabajo**, última edición,

CRUZ VILLALÓN, J., **Compendio de Derecho del Trabajo**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Legislación laboral y de Seguridad Social**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Legislación Social Básica**, última edición,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J. M., SALA FRANCO, T. y otros, *Curso de Derecho del Trabajo*, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

SALA FRANCO, T., ALBIOL MONTESINOS, I., *Derecho Sindical*, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

RODRÍGUEZ RAMOS, M.J., GORELLI HERNÁNDEZ, J. y VÍLCHEZ PORRAS, M., *Sistema de Seguridad Social*, Tecnos, Madrid, última edición.

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Netbiblo, última edición.

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Aranzadi, Pamplona, última edición.

Recomendacións
